

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 1 de agosto de 2005**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. Lucía Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día un de agosto de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como concelleiro-secretario o Sr. Figueroa Vila, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(939).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase as actas das sesións extraordinarias do 22 de xuño e 1 de xullo e ordinarias do 27 de xuño e 4 de xullo de 2004. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa–presidenta.

**2(940).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 22/1430, 23/965.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes proposta do xefe de Acción Social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> Encarnación Vázquez Saz. Expte. 22/1430.
- D<sup>a</sup> Emilia Aguiar Lima. Expte. 23/965.

### **3(941).- BASES PARA A SELECCIÓN DOS BENEFICIARIOS/AS PEÓNS DO PROGRAMA MUNICIPAL BIAL PARA AS QUENDAS 2006 E 2007. EXPTE. 3296/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 22.07.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, e coa conformidade xurídica de técnico da Admón. Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as Bases para a selección dos beneficiarios/as peóns do Programa municipal BIAL (Brigadas de Inserción e Actuación Local), para as quendas 2006 e 2007, que de seguido se transcriben.

#### **BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS BENEFICIARIAS PEÓNS DO PROGRAMA BIAL, PARA OS ANOS 2006 E 2007**

##### **OBXECTO DA CONVOCATORIA**

*A contratación laboral, para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal, de persoas beneficiarias peóns do programa BIAL (Brigadas de Inserción e Actuación Local), para as quendas 2006 e 2007.*

*Entenderase por persoas candidatas a beneficiarias do BIAL todas aquelas que presenten a documentación requirida segundo o establecido nestas bases e no anuncio en prensa que para tal fin se publique.*

*Para a quenda do 2007, pasarán a ser candidatas a beneficiarias todas aquelas persoas non contratadas na quenda do 2006. De entre as aspirantes (tras a oportuna actualización de datos) pasarán ao proceso de selección un número determinado, por orden estricto de puntuación, estimado pola Comisión de Selección en base á previsión do número de contratacións para realizar.*

*No caso de non cubrirse as prazas farase unha nova convocatoria e/ou acudirase ao Servizo Público de Emprego.*

##### **MODALIDADE E DURACIÓN DAS CONTRATACIÓNS**

*Os contratos de traballo a suscribir terán a modalidade que en cada momento resulte máis adecuada, dadas as características e obxectivos do programa (obra ou servizo de duración determinada, etc).*

*A duración do contrato será de 1 ano (directamente ou en dúas fases de seis meses).*

##### **POSTO DE TRABALLO E FUNCÍONS**

*PEÓN: como beneficiarios/as do programa BIAL, serán aquelas persoas que, sen cualificación previa no tipo de traballo a desenvolver, executan os labores programados seguindo as indicacións dos seus superiores, adquirindo unha capacitación e experiencia laboral que facilite a súa posterior inserción no mercado de traballo normalizado.*

*Serán contratados como traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego, segundo o establecido no Capítulo 1 do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007.*

*Toda persoa candidata seleccionada deberá obrigatoriamente suscribir un compromiso en virtude do cal, se compromete a levar a cabo as accións formativas que o Equipo técnico considere axeitadas para favorecer a súa posterior inserción laboral. Tanto a negativa a subscribilo, como o incumprimento de dito compromiso unha vez contratada, suporá a súa exclusión do proceso selectivo ou a rescisión do contrato laboral.*

## PERFIL REQUIRIDO IMPRESCINDIBLE

*Ter 18 anos cumpridos e capacidade legal para ser contratado/a, de conformidade coa lexislación vixente.*

*Posuir capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto solicitado.*

*Estar inscrito/a como demandante de emprego nalgunha oficina do Servizo Público de Emprego de Vigo na data da convocatoria.*

*Estar empadroadado/a no Concello de Vigo, como mínimo con 3 meses de antigüidade dende a data da convocatoria.*

*Non haber sido contratado/a, en ningunha das anteriores convocatorias dos programas de emprego municipais PROMIL ou BIAL.*

*Non poderá ser contratado/a ningunha persoa pertencente á mesma unidade de convivencia familiar dunha persoa beneficiaria da quenda inmediatamente anterior, aínda que poderá presentar a solicitude na convocatoria para a quenda do 2007.*

## FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

*O esquema xeral que seguirá o proceso de selección, consta das seguintes fases ou etapas básicas:*

*Convocatoria pública a través da prensa local.*

*Recollida da documentación e comprobación dos datos aportados.*

*Publicación da lista das persoas candidatas admitidas e excluídas ao proceso selectivo, e apertura dun prazo de 10 días para a presentación de alegacións, aportación de documentación e/ou subsanación de erros.*

*Solicitude de datos aos organismos competentes.*

*Baremación das persoas candidatas admitidas ao proceso de selección conforme aos criterios de selección estipulados.*

*Publicación da lista das persoas admitidas ao proceso selectivo coas puntuacións obtidas na baremación, indicando as persoas preseleccionadas para a entrevista.*

*Entrevista.*

*Publicación das persoas candidatas seleccionadas.*

*Recoñecemento médico ás persoas candidatas seleccionadas.*

*Contratación das persoas candidatas seleccionadas.*

## PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

*Dada a natureza e especiais características do Programa BIAL, o procedemento de selección terá en conta as diferentes facetas das persoas candidatas. Concretamente:*

◆ Valoración socio-económica:	✓ Ingresos económicos ✓ Colectivos preferentes ✓ Cargas familiares
◆ Entrevista persoal	

## VALORACIÓN SOCIO-ECONÓMICA.

*Ingresos económicos da unidade familiar, entendendo como tal, aquelas persoas vinculadas á persoa solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento e/ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o primeiro grao, que convivan con aquela e sempre que figuren empadroadas no mesmo enderezo. Así, a situación económica familiar, puntuarase segundo a contía da renda per-cápita da unidade familiar, sempre que sexa inferior ao 80% do IPREM (Indicador Público de*

Renda de Efectos Múltiples) vixente para cada ano. Para a quenda do 2006, os ingresos económicos baremaranse segundo a seguinte táboa:

PUNTUACIÓN POR RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR NO 2004 % REFERIDA AO IPREM 2004 (5.526,00 €)		
Intervalo ingresos (€/ano)	Intervalo (%)	Puntuación
0,00-1.105,20	De 0 ata 20	4
1.105,21-2.210,40	> 20 ata 40	3
2.210,41-3.315,60	> 40 ata 60	2
3.315,61-4.420,80	> 60 ata 80	1
Máis de 4.420,80	> 80	0

Colectivos preferentes. Por pertencer a algún/s dos colectivos con maiores dificultades de inserción no mercado laboral, de acordo co establecido co PME 04-07.

Reservarase:

10% para persoas vítimas de violencia doméstica. Recurrirse ao C.I.M. (Centro de Información da Muller) de Vigo para que identifique a persoas deste colectivo, en número superior ás prazas reservadas, que logo pasarán por unha entrevista persoal na que se valorará a adecuación do programa ao seu itinerario laboral.

5% para persoas discapacitadas cunha discapacidade igual ou superior ao 33% debidamente acreditada mediante fotocopia da certificación oficial e sempre que a discapacidade non sexa incompatible coas funcións a desenvolver. No caso en que esta porcentaxe non se cubra, poderá recurrirse para solicitar candidatos a aquela/s entidades que a Comisión de Selección decida. En todo caso, solicitarase o Certificado de aptitude para o desenvolvemento do posto de traballo ao que vaia estar adscrita a persoa discapacitada ou certificado de incapacidade, dependendo do mesmo a súa contratación.

Tentarase unha distribución que permita a presenza de:

60% de mulleres

10% de mocidade entre 18 e 25 anos, na data da convocatoria.

10% de persoas maiores de 45 anos, na data da convocatoria.

10% de persoas paradas de longa duración, entendendo por tales, aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

Levar un mínimo de 1 ano de antigüidade como demandante na oficina de emprego.

Non ter traballado, nos doce meses anteriores á data da convocatoria, máis de 3 meses.

Baremaranse os colectivos segundo o seguinte cadro:

Colectivo	Puntuación
Vítima de violencia doméstica (*)	1,0
Persoa discapacitada	1,0
Muller	0,5
Xove entre 18 e 25 anos	0,5
Maior de 45 anos	0,5
Desempregado/a de longa duración	0,5

(\*) Entenderase por vítima de violencia doméstica aquela persoa que sufrira tal circunstancia dentro dos últimos tres anos, e o acredite coa denuncia correspondente ou ben a través doutro medio que determine a Comisión de Selección.

Cargas familiares. Puntuaranse as cargas familiares que poida acreditar, na data da convocatoria, a persoa aspirante, segundo a táboa seguinte:

<i>Cargas familiares en 1º grao de parentesco</i>	<i>Puntuación</i>
<i>Por cada fillo/a menor de 18 anos</i>	<i>0,3</i>
<i>Por cada convivinte con discapacidade igual ou superior ao 65%</i>	<i>0,3</i>
<i>Por cada convivinte con discapacidade entre 33% e 64%</i>	<i>0,2</i>
<i>Por cada fillo/a entre 18 e 26 anos sen ingresos propios</i>	<i>0,1</i>
<i>Por cada maior de 65 anos ao seu cargo</i>	<i>0,1</i>

*ENTREVISTA PERSOAL. A Comisión de Selección decidirá cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a esta fase.*

*Realizaráselles ás persoas candidatas e nela valoraranse os aspectos ocupacionais de adecuación ao programa. A escala de puntuación na entrevista persoal será de 1 a 3 puntos.*

*Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións acadadas sempre que a persoa candidata obteña a calificación de “apto”, que se acadará cunha puntuación mínima de 1 punto.*

*Sen esta calificación de apto na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.*

### *COMISIÓN DE SELECCIÓN*

*A Comisión de Selección estará composta polos seguintes membros:*

*A concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo, ou persoa en quen delegue.*

*1 técnico/a do programa BIAL.*

*2 técnicos/as do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, nomeados pola concelleira.*

*1 representante de cada unha das centrais sindicais asinantes do Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007.*

*A Comisión de Selección poderá designar asesores/as técnicos/as para desenvolver aquelas fases do procedemento de selección nas que o estimen necesario.*

### *PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN*

*Prazo: 15 días hábiles a partir do día seguinte á data de publicación do anuncio.*

*Lugar de presentación: Centro de emprego de Rivera Atienza, na Avda. Martínez Garrido, nº 21 – Interior-Baixo, 36205 Vigo.*

*Horario de entrega: de luns a venres, de 9:00 a 13:00 horas.*

*Documentación a entregar:*

*Impreso de solicitude debidamente cuberto e asinado, coa declaración xurada de que todos os datos aportados se corresponden coa súa realidade persoal e familiar.*

*Autorizacións ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo (segundo modelo que se facilitará), debidamente cumprimentadas e asinadas pola persoa candidata e por cada membro maior de 16 anos da unidade familiar, para poder solicitar información socio-económica e laboral aos organismos competentes, como son por exemplo:*

*A Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria,*

*A Tesourería Xeral da Seguridade Social,*

*O Instituto Nacional da Seguridade Social,*

*O Instituto Nacional de Emprego,*

*A Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais,  
Entidades de carácter social.*

*Fotocopias validadas dos DNI da persoa aspirante e de cada un dos membros da unidade familiar. No caso dos menores que non o posúan, presentaránse fotocopias validadas do Libro de familia. Nos casos en que proceda, fotocopia validada do Certificado de Parella de Feito. No caso de estranxeiros, fotocopias validadas da tarxeta de residencia e de traballo.*

*Fotocopia validada da tarxeta de demanda de emprego actualizada da persoa aspirante.*

*Fotocopia validada da denuncia correspondente, ou doutro medio que acredite, no seu caso, a condición de vítima de violencia doméstica.*

*Fotocopia validada do informe de discapacidade e/ou incapacidade, emitido polas entidades competentes, nos casos en que proceda e a discapacidade sexa igual ou superior ao 33%.*

*Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado.*

*Validación da documentación:*

*A validación, que únicamente servirá para este proceso selectivo, realizarase presentando orixinal e fotocopia do documento para validar en calquera dos seguintes lugares:*

*Centro de Emprego Rivera Atienza, sito na Avda de Martínez Garrido, 21 – baixo –interior.*

*Dependencias do Programa BIAL, no Parque Central de Servizos do Concello de Vigo sito na rúa Bagunda, nº 1.*

*Dependencias do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, na 4ª planta da Casa do Concello.*

*Máis información: Poderán consultarse as bases do proceso de selección nas dependencias indicadas no punto anterior (Validación de documentación), así como na páxina web <http://emprego.vigo.org>.*

*Poderanse aclarar dúbidas no teléfono 986263068 (en horario de 09:00 a 13:00 horas) ou nas dependencias do Programa BIAL sito no enderezo: rúa Bagunda, nº 1 (ao carón da Igrexa de Sta. Cristina-Lavadores).*

#### **4(942).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMTADOS POLO SERVIZO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE O MES DE XUÑO DE 2005. EXPTE. 1612/335.**

Mediante providencia de data 19.07.05, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, en cumprimento coa base 31ª das de execución do presuposto municipal para o ano 2005, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Festas e Animación Sociocultural durante o mes de xuño de 2005, que son os seguintes:

EXPTE. 1532/335. CONTRATACIÓN GABINETE DE PRENSA PARA AS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005.

DECRETO CONCELEIRO DATA: 13-06-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 28187

ADXUDICATARIO: AVEIRO COMUNICACIÓN E IMAGEN, S.L.

IMPORTE: 4.788,00 €

EXPTE. 1536/335. CONTRATACIÓN MATERIAL GRÁFICO PARA O "XI FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL CONCELLO DE VIGO".

DECRETO CONCELEIRO DATA: 09-06-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 28216

ADXUDICATARIO: GRÁFICAS EZPONDA, S.L.

IMPORTE: 1.065,44 €

EXPTE. 1537/335. CONTRATACIÓN MATERIAL GRÁFICO XERAL PARA DIFUSIÓN DO PROGRAMA DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 14-06-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 28212

ADXUDICATARIO: CANAL UNO DE COMUNICACIÓN, S.L.

IMPORTE: 11.996,72 €

EXPTE. 1549/335. CONTRATACIÓN MATERIAL GRÁFICO DAS FESTAS GASTRONÓMICAS PROGRAMA DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 24-06-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 30134

ADXUDICATARIO: GRÁFICAS EZPONDA, S.L.

IMPORTE: 1.950,80 €

EXPTE. 1533/335. CONTRATACIÓN SERVIZO DE VENDA DE ENTRADAS PARA OS CONCERTOS DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 13-06-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 28177

ADXUDICATARIO: ROMÁN MARTÍNEZ BOUZÓN

IMPORTE: 3.016,00 €

EXPTE. 1541/335. CONTRATACIÓN PERSOAL DE PRODUCCIÓN PARA CONCERTO HOMBRES G, EL CANTO DEL LOCO.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 22-06-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 28551

ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.

IMPORTE: 11.999,98 €

EXPTE. 1542/335. CONTRATACIÓN EQUIPO DE SON E INFRAESTRUCTURAS PARA O CONCERTO HOMBRES G, EL CANTO DEL LOCO.

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 22-06-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 28552

ADXUDICATARIO: LUZ PUNTUAL, S.L.

IMPORTE: 12.000,00 €

EXPTE. 1524/335. CONTRATACIÓN SERVIZOS DE MEGAFONÍA PARA O "XXV ANIVERSARIO E FIN DE CURSO DA EMD".

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 03-06-05

INFORME INTERVENCIÓN: RC. 27020

ADXUDICATARIO: FERNANDO RODRÍGUEZ GARCÍA

IMPORTE: 1.392,00 €

EXPTE. 1525/335. CONTRATACIÓN SERVIZOS DE PRODUCCIÓN DO "VI ENSALZAMENTO DO TRAXE GALEGO".

DECRETO CONCELLEIRO DATA: 06-06-05  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 27015  
ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.  
IMPORTE: 5.680,61 €

EXPTE. 1558/335. CONTRATACIÓN SERVIZOS DE VIXIANZA E LIMPEZA DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS OS DÍAS 3 E 4 DE XULLO, POR CESIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 29-06-05  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 30428  
ADXUDICATARIO: PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.  
IMPORTE: 1.522,18 €

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**5(943).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E A XORNADA NOCTURNA DO PERSOAL MUNICIPAL, CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2005. EXPTE. 15901/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 21.07.05, e de acordo co informe proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 14.07.05, conformado pola Alcaldesa, a Xunta de Goberno Local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ao persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de cemiterios e rematan por Don José Vázquez de Francisco do servizo de Vías e Obras, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 64.861,92 € (Sesenta e catro mil oitocentos sesenta e un euros con corenta e catro centimos), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de XUÑO de 2005.

**6(944).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POLOS SERVIZOS PRESTADOS COMO PALISTA A PERSOAL DO PARQUE MÓBIL, CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2005. EXPTE. 15906/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 20.07.05, e de acordo co informe proposta da técnica de Recursos Humanos, do 15.07.05, conformado pola Alcaldesa, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados como palista no Parque Móbil corresponde aboar a don Antonio Amoedo García, a cantidade que figura e que ascende a un total de 25,08 € (VINTECINCO EUROS CON OITO CÉNTIMOS), correspondente o mes de XUÑO de 2005 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS



**7(945).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL, CORRESPONDENTE AOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E XUÑO DE 2005. EXPTE. 15898/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 27.07.05, e de acordo co informe proposta da técnica de Recursos Humanos, do 26.07.05, conformado polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de xaneiro-xuño 2005, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ao persoal dos servizos que a continuación se indican:

- Servizo de Extinción de Incendios, relacións que se achegan no expediente e que comezan por D. Carlos Abalde Fernández e remata por D. José Carlos Vila da Vila, por un total de 488,00 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan no expediente e que comeza por D. Iván Abalde Casanova e rematan por D. José Manuel Villar Fernández (Xulgados) e por D. Manuel Alonso Iglesias e remata por d. Manuel Vieitez Vieitez, por un total de 2.549,00 horas.
- Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por D. Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 791,45 horas.
- Xerencia do Parque Central, relación que se achega no expediente e comeza por D. José Frojan Villaverde e remata por D. J. Alfonso Pérez Fernández, por un total de 39,00 horas.
- Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por D. José Luis Amoedo Cabaleiro e remata por D. José Manuel Martínez González, por un total de 64,00 horas.
- Relacións Públicas, relación de horas realizadas por D. Jesús Castro Naveiras, por un total de 12,00 horas.
- Inspección de Vías e Obras, relación que comeza por D. José Eugenio Matilde Viñas e remata e D. Benigno Salgueiro Piñeiro, por un total de 209.00 horas.
- Servizo de Desinfección, relación que comeza por D. A. Avelino Pardellas Avión e remata por D. José Manuel Sousa Atrio, por un total de 120,00 horas.
- Conserxería, relación que se achega de D. Francisco Martínez Muñoz, por un total de 54,30 horas.
- Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por D. Basilio Costas Fernández e remata por D. Cesareo Rocha Paramés, por un total de 103,30 horas.

O montante do presente expediente ascende a un total de 32.740,24 €

**8(946).- DAR CONTA DA ANULACIÓN DE PROVIDENCIAS DE CONTRINXIMENTO SOBRE LIQUIDACIÓNS DO ANO 2002 E 2004. EXPTE. 3577/700.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do tesoureiro accidental, do 20.07.05, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

- *En sesión ordinaria de data 21 de xaneiro de 2002, na Comisión de Goberno, acordouse a seguinte resolución:*

*"Interesar da Tesoureria deste Concello que, tras as comprobacións e informes que estime oportuno recadar, dicte providencia de constrinximento que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria (Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Augas do Concello de Vigo, AQUALIA) segundo consta na certificación de descuberto emitida con data 08/1/2002, en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento establecido no artigo 130 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (Decreto de 17 de xuño de 1955) e o que con carácter xeral se deriva do Regulamento Xeral de Recadación"*

*En data 15 de marzo de 2002, foi dictada a Providencia de constrinximento, polo Sr. Tesoureiro*

- *Con data 10 de xaneiro de 2005, a Xunta Local de Goberno deste Concello de Vigo, acordou dar cumprimento a base 48ª das de execución do Presuposto, para que polo Sr. Tesoureiro se dictara Providencia de Apremio, que permitira cobra-las cantidades adebedadas por contribuintes en concepto de Multas Urbanísticas.*

*En data 10 de febreiro de 2005, foi dictada a Providencia de constrinximento, polo Sr. Tesoureiro*

*En data 20/07/2005 e no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente (Real Decreto 1174/87 do 18 de setembro, B.O.E. 29/09/1987), o Sr. Tesoureiro Accidental, acordou a anulación da providencia de apremio dictada no seu día sobre as liquidacións que se detallan ó seguir, así como a notificación deste acto de declaración de nulidade ós interesados, en virtude do/s escrito/s presentado/s en en data/s 13/04/2005 (nºs doc: 50059193), 15/04/2005 (nº doc: 50075680), 20/04/2005 (nº doc: 50095976, 50095713, 50095721, 50095729, 50095945, 50095950, 50095965), 28/04/2005 (nº doc: 50106860, 50106864, 50106868, 50106873, 50106880) 4/05/2005 (nº doc: 50109508, 50109506, 50109503, 50109501, 50109495, 50109497, 50109498) 05/05/2005 (nº doc: 50110087, 50110085) 10/05/2005 (nº doc: 50112766), 12/05/2005 (nº doc; 50113968), 18/05/2005 (nº doc: 50117770), 20/05/2005 (nº doc: 50119060), 27/06/2005 (nº doc: 50134639, 50134647), 30/06/2005 (nº doc: 50136380, 50136382, 50136384), pola Concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Augas do Concello de Vigo, AQUALIA, e polas Resolucións do Consello da Xerencia de Urbanismo de datas, 02/06/2005 (exp. 12549-423 a nome de Eladio González Pérez), resolución de 27/04/2005 (exp. 12595-423 a nome de Aurea Domonte Villar), e resolución de 27/04/2005 (exp. 12657-423 a nome de Corujauto, s.a.), das que se achega copia.*

*Nas citadas resolucións, solicitábanse as anulacións das liquidacións, unha vez acordada a estimación das reclamacións interpostas contra as liquidacións xiradas no seu día.*

*Xa que ten desaparecido a débeda que orixinou no seu día a iniciación do procedemento de apremio, dase traslado á Xunta Local de Goberno para o seu coñecemento.*

*DETALLE DAS LIQUIDACIÓNS:*

NOME	CONCEPTO	Nº RECIBO	Nº FIXO	<i>principal</i>
JAIME RODRIGUEZ	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900493	204992	1.220,05 €
JUAN RICON CUEVAS	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900415	202208	1.220,05 €
ANTONIO LAGO	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900170	202008	1.220,05 €
MANUEL GARCIA GÓMEZ	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900512	204550	1.220,05 €
CARMEN GRAÑA CARREA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900099	203908	1.220,05 €
RUDESINDO IGLESIAS CAMPOS	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900098	203903	1.220,05 €
ESTACION DE SERVICIO	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900015	202576	1.220,05 €
JOSE NOYA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900436	202280	1.220,05 €
JOSE LUSQUIÑOS	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900157	202141	1.220,05 €
FRANCISCO CAMARA LOPERA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900273	204723	1.220,05 €
JOSE A MARTINEZ MAGDALENA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900349	204630	1.220,05 €
ARTURO CARRERA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900405	203765	1.220,05 €
JOSE ESTEVEZ MONTES	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900422	202279	1.220,05 €
ROSA CABALEIRO MONTES	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900423	202231	1.220,05 €
JOSE CARIDE ROMERO	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900016	203859	1.220,05 €
CAMILO RODRIGUEZ COMESAÑA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900523	204565	1.220,05 €
CÁNDIDO ALONSO FIGUEIRAS	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900201	202770	1.220,05 €
JAIME ALVAREZ DOMINGUEZ	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900150	200944	1.220,05 €
HORTENSIA VÁZQUEZ CARBALLAL	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900028	201644	1.220,05 €
GONZALO VILA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900438	202284	1.220,05 €
BASILIO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900522	204228	1.220,05 €
INDALECIO PAZO TOYOS	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900135	204763	1.220,05 €
JESUS PARADA SOTO	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900520	204198	1.220,05 €

NOME	CONCEPTO	Nº RECIBO	Nº FIXO	<i>principal</i>
DOLORES PRIETO MARTINEZ	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900268	204697	1.220,05 €
JUAN I. GARCIA FERNANDEZ	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900222	200592	1.220,05 €
ALVARO GIL DAVILA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900514	204471	1.220,05 €
ANTONIO FERNÁNDEZ GARCIA	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900292	201401	1.220,05 €
ALBINO CAMPOS LAGO	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900461	203980	1.220,05 €
JAIME LUREIRO VILLAR	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900020	203744	1.220,05 €
MANUEL RODRIGUEZ FERNÁNDEZ	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900117	203425	1.220,05 €
ELENA FERNÁNDEZ CASAL	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900388	201775	1.220,05 €
ISOLINO SAN ROMAN GALLEGO	ACOMETIDA SANEAMENTO 2002	028900296	201074	1.220,05 €
CORUJAUTO, S.A.	MUL.COERC.URBAN.2004	058501377	12657/423	700,00 €
GONZÁLEZ PÉREZ ELADIO	MUL.COERC.URBAN.2004	058501372	12549/423	500,00 €
DOMONTE VILLAR ÁUREA	MUL.COERC.URBAN.2004	058501384	12595/423	350,00 €

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**9(947).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POR TAXACIÓN CONXUNTA DE PROPIETARIOS NON INCORPORADOS Á XUNTA DE COMPENSACIÓN DA U.A. 2 PENÍS DE ARRIBA. EXPTE. 180/413.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 22.07.05, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- En data 06/06/1997 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle do polígono "UA 2 Penís de Arriba" (Cabral) -Expte. 4115/411-.

2.- No 18/03/1999 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación dese polígono (expte. 4023/401, BOP núm. 2, do 05/01/1999).

No 24/08/2000 constituíuse a Xunta de Compensación, mediante Escritura Pública outorgada perante o notario D<sup>a</sup> Esperanza Molina Sueiro co núm. 1.974 do seu protocolo.

No 09/11/2000 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar dita constitución (expte. 4254/401).

3.- No 03/03/2005 o presidente e representante da Xunta de Compensación (XC) presentou un escrito nesta Administración municipal solicitando a expropiación por taxación conxunta das fincas primitivas núms.

"19/18", "19" e "28" do polígono, toda vez que os seus respectivos propietarios negáronse a incorporarse á XC. Achegouse con esa solicitude o correspondente proxecto de expropiación, aprobado pola XC en asemblea do 26/02/2005.

En data 27/04/2005 remítuselle dende a Xerencia de Urbanismo un Oficio a fin de que completase e corríxise a documentación presentada. No 23/05/2005 o representante da XC aportou o proxecto expropiatorio rectificadado. No 26/05/2005 o Arquitecto técnico municipal emitiu un Informe sobre o proxecto, no que concluíu a procedencia de eleva-lo importe do seu prezo xusto.

No día 01/07/2005 o representante da XC presentou na Xerencia de Urbanismo un novo proxecto expropiatorio corrixido (por triplicado exemplar). No 18/07/2005 o arquitecto técnico municipal emitiu un novo Informe no que considerou axeitada a valoración do prezo xusto expropiatorio contida no último proxecto presentado.

4.- As follas de aprecio individualizadas dos bens a expropiar son as seguintes:

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 1			
PROPIETARIO: DESCOÑECIDO			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
37,00 m2	terreo	61,43 €/m2	2.272,91
	5% premio afección.....		113,65
	total valoración.....		2.386,56 €

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 2			
PROPIETARIO: DESCOÑECIDO			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
166,00 m2	terreo	61,43 €/m2	10.197,38
	5% premio afección.....		509,87
	total valoración.....		10.707,25 €

FOLLA DE PREZO XUSTO			
PARCELA Nº: 3			
PROPIETARIO: HRDOS DE AVELINO PIÑEIRO FERNANDEZ			
DIRECCIÓN: RÚA SUBRIDE, 23 LAVADORES - VIGO			
RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS			
UNIDADE	CONCEPTO	PREZO	IMPORTE €
694,00 m2	terreo	61,43 /m2	42,632, 42
	5% premio afección.....		2.131,62
	total valoración.....		44.764,04 €

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Os arts. 22 e 131 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) e art. 18 Lei 6/1998, do 13 de abril (LRSV) establecen diversas obrigas de natureza urbanística para os propietarios do solo urbanizable, entre as que figuran a de cesión de terreos ó Concello, a de urbanización e edificación en prazo e a de participación nun proceso reparcelatorio de distribución equitativa de cargas e beneficios.

O art. 156.1 LOUGA preceptúa a este respecto que: "(...) se algúns propietarios do polígono non se incorporan á Xunta de Compensación, ésta poderá solicitar do municipio ou ben a expropiación dos ditos predios tendo a condición de beneficiaria dela, ou ben a ocupación dos ditos predios en favor da Xunta de Compensación".

Tamén o art. 168.2 R.D. 3288/1978, do 25 de Agosto, aprobatorio do Regulamento de Xestión Urbanística (RXU) dispoñe que: "Os terreos propiedade dos que non se incorporasen á Xunta, serán expropiados, atribuíndose a ésta o carácter de beneficiaria da expropiación".

Do mesmo xeito, o art. 144.2 LOUGA preceptúa que: "O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do art. 52 da Lei de Expropiación Forzosa (...)".

Por outra banda, o proxecto expropiatorio presentado pola Xunta de Compensación contén a documentación esixida no art. 143.1 LOUGA, axustándose as súas valoracións ó disposto nos arts. 23 e ss. LRSV e RD 1020/1993, do 25 de xuño.

Polo tanto, procede aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio, coa conseguinte apertura dun trámite de información pública polo prazo dun mes. É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta das fincas non incorporadas á Xunta de Compensación da "UA 2 Penís de Arriba" (Cabral), relacionadas na parte expositiva deste Acordo, con Memoria e Planos redactados polo enxeñeiro técnico D. F. Javier Centeno Ameijeiras, datado en xuño de 2005 (expte. 180/413).

*SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no DOG e nun xornal dos de maior circulación da Provincia, con notificación individualizada das follas separadas de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración a tódolos que aparecen como titulares de bens ou dereitos, así como ó ministerio fiscal.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(948).-CESIÓN GRATUÍTA DE TERREO PARA ENSANCHE DO CAMIÑO PATEIRA-LAVADORES. EXPTE. 44993/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

#### *ANTECEDENTES DE FEITO*

*1º.- Mediante senllos escritos presentados nos días respectivos 16 de maio e 26 de xullo de 2005, D. Antonio Couto Pérez, solicitou desta Administración municipal se lle recoñeza ós efectos urbanísticos procedentes, a cesión gratuita dunha parte dun terreo da súa propiedade, no camiño da Pateira, en Lavadores, cedido para o ensanche e mellora do vial.*

*A dita parcela perténcelle ao solicitante en virtude de Escritura pública de compraventa, outorgada perante o notario de Vigo D. Santiago Botas Prego o 10 de maio de 2005 (protocolo 2173).*

*2º.- Os terreos que se ceden forman parte dunha parcela de solo urbano con ordenanza de aplicación "1.3.B" de vivenda unifamiliar illada no vixente Plan Xeral do 29 de abril de 1993.*

*3º.- Os técnicos municipais do departamento de Cartografía da Xerencia municipal de Urbanismo, procederon a facer a medición dos metros de terreo cedidos a esta Administración municipal, informando, en data do 17 de xuño de 2005, o seguinte:*

*Superficie de cesión = 114 m<sup>2</sup>*

*Consideracións xurídicas: As normas urbanísticas do vixente PXOU-93 de Vigo establecen, no apartado 3.2.2., que nas cesións obrigatorias dos terreos afectados pola aliñación da rúa á que a parcela dea fronte -supostos de solicitude de obra nova e de rehabilitación integral- recoñecerase ó propietario a edificabilidade e densidade correspondente á parcela inicial, e que, así mesmo, esta considerarase a efectos de parcela mínima.*

*Xa que logo, procede considerar que a cesión anticipada dos referidos 114 m<sup>2</sup> de superficie de terreo debe xerar a favor do propietario cedente os mesmos dereitos que os que provoca a cesión determinada pola concesión dunha licenza de obra nova ou rehabilitación integral. Este recoñecemento emítese sen prexuízo do que dispoña a este respecto o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, actualmente en tramitación. Cando dita nova normativa urbanística entre en vigor, as súas disposicións sobre recoñecemento de dereitos urbanísticos por cesións anticipadas de terreos prevalecerán sobre o disposto no Acordo que agora se propón.*

*Polo exposto, e de acordo co artigo 127.d) da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aceptar a cesión gratuita ó Concello de Vigo, por parte de D. Antonio Couto Pérez da porción de parcela de 114 m<sup>2</sup> de superficie, que se identifica no expediente, segregada de feito da finca da súa propiedade, con destino ó ensanche e mellora do camiño de Pateira (Lavadores).*

*Segundo.- Esta cesión deberá elevarse a escritura pública ou documento administrativo auténtico e inscribirse no Rexistro da Propiedade. Enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licenza resulten legalmente procedentes de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.*

*Terceiro.- Ter por recoñecido ó cedente na parcela matriz a superficie e edificabilidade correspondente á superficie cedida ós efectos urbanísticos que procedan.*

*Cuarto.- Notifíquese este acordo ó interesado, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén á oficina de Patrimonio do Concello, para que formalice a cesión e a inscriba no Rexistro da Propiedade e no Inventario de bens municipais.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(949).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e coarenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO ACCTAL.  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

José Manuel Figueroa Vila